

4º BUDIÑO RAID 2018

BAIXO MIÑO

SÁBADO 27 OUTUBRO

5ª PROBA da LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN e CAMPIONATO GALEGO 2018

colaboran:

Tomino
CONCELLO



información:

www.fegado.es
www.aforna.org

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

organiza:



BOLETÍN 3

01_COMO CHEGAR

O **Albergue de Figueiró**, o espazo que ten reservado a organización do BudiñoRAID para facer noite o Venres 26 aqueles corredores que así o notifiquen via mail con antelación, está situado na Parroquia Tomiñesa de Figueiró, na **estrada PO-552** de Tui – A Guarda. Toda vez que se pasa o cruce coa PO-344 que leva o Centro de Tomiño, unha vez que enfiamos a recta que nos leva á Rotonda onde a Vía Rápida CG4.2 enfila a Ponte Internacional con Portugal, temos que coller un desvío á dereita que nos leva o Santuario de San Campio de Lonxe, onde se atopa o Albergue.

Como xa se indicou no Boletín anterior, facer noite no albergue ten un custe de **2€ por persoa** que donaremos directamente á dirección do albergue para o seu mantemento.

As instalacións contan con **Aseos, Duchas con Auga Quente e Liteiras** con colchóns para durmir ben a gusto antes da carreira. Os propios corredores terán que portar as Sábanas ou **Sacos de Durmir e Toallas** que precisen.

A apertura do Albergue produciráse **ás 21.00 horas**. Na zona hai un Restaurante que ofrece o servizo de ceas para quen o desexe.



02_HORARIOS.

Con respecto os horarios presentados nos anteriores boletíns do Raid prodúcense as seguintes novidades:

DÍA	HORA	LUGAR	EVENTO
SÁBADO 27/10	07.00 – 08.30	Praza do Concello de O Rosal	Recollida de Documentación todas as Categorías
SÁBADO 27/10	07.00 – 08.30	Praza do Concello de O Rosal	Parque Pechado BTT's todas as categorías
SÁBADO 27/10	07.00 – 08.30	Praza do Concello de O Rosal	Parque Pechado Caixas de Asistencia categoría Élite

RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN / PARQUE PECHADO BBT'S/CAIXAS ELITE T2

Adiántase a apertura do horario para a **Recollida de Documentación** dos equipos ás **07:00 horas** para garantir que todos os equipos tedes pasado pola Secretaría antes das 08:30.

Rógase a todos os equipos que adiantedes a vosa chegada o mais posible xa que é super importante que as 08:30 deixedes a Praza do Concello de O Rosal para dirixirvos a Tomiño (Élite e Aventura) e a Fortaleza de Goián (Orienta-Raid) para que chegedes a **Charla Técnica ás 09:00** a tempo.

É obrigatorio que todos os equipos vos dirixades ó Rosal antes da Saída a deixar as vosas BTT's no Parque Pechado da T2. **NON SE PERMITIRÁ QUE NINGÚN EQUIPO ACCEDA O PARQUE PECHADO MAIS ALÓ DAS 08:30 horas** para deixar as súas bicis.

Xunto coas vosas bicis poderedes deixar tamén o casco e as zapatillas de btt.

É **obligatorio** que levedes un **CANDADO** para deixar as vosas bicis amarradas no voso box. Teremos a xente da organización e de Protección Civil velando pola seguridade, pero nunca está de mais extremar as precaucións.

Os **equipos Élite sen asistencia** tedes que deixar no voso Box **unha única Caixa por equipo** para facer a única asistencia que teredes durante o Raid en esta T2. O resto de equipos Élite (que teñan asistencia propia) deben facer a súa asistencia tamén no seu Box. **Está totalmente prohibido que calquera equipo Élite, con asistencia propia ou non, sexa asistido durante a proba fóra de este punto, incluso nas demais transicións.**

Isto significa que **teredes que portar con vós o material das probas especiais** dende a Saída en Tomiño ata esta T2 no Rosal (incluído o Sector 2 de Kaiak), e que **tras a T2 teredes que portar con vós as Zapatillas de Trekking** para realizar o Sector 4 e o Sector 6.

En todas as Transicións todas as Categorías ides a ter Auga, Powerade e Fruta.

Os equipos **Orienta-Raid e Aventura** que **necesiten a asistencia por parte da Organización** (equipos de 2 compoñentes) teñen que deixarnos **unha única caixa por equipo** (identificada co número do voso dorsal) na furgo da organización reservada a cada categoría **antes das 08:30 horas na Praza do Concello de O Rosal.**

Os equipos **Orienta-Raid** que o necesiten, previa comunicación á hora de recollida da documentación, poderemos transportar a un só compoñente a **recoller o seu coche na Fortaleza de Goián.**


03_ ESQUEMA DE DESENROLO.

TRANSICIÓNS


O BUDIÑORAIÐ 2018 é un **Raid Liñal**, o que implica que van existir **varios puntos de transición** situados en **diferentes lugares** do Baixo Miño.

Esquema dos Sectores, Probas Especiais e Transicións do BUDIÑORAIÐ 2018.

Categorías Élite e Aventura



Categoría Orienta-Raid



Como se acaba de indicar no apartado anterior **a Categoría ÉLITE só poderá ter asistencia**, ben sexa pola súa conta ben sexa pola organización, **na súa T2** tras o Sector de Kaiak. Para a realización do Raid deberán portar todo o material necesario durante o resto de sectores, ben sexa o material das probas especiais durante os Sectores 1 e 2, ben sexan as zapatillas de trekking durante os Sectores 3 e 5.

Os equipos que desexen utilizar as súas **propias PÁS ou ESPALDEIRAS para o Kaiak** teñen que deixarnos este material na furgo indicada a tal efecto **antes das 08:30** horas na Praza do Concello de O Rosal. Este material será transportado directamente á Transición pertinente de acceso ó Kaiak (T1 para Elite e Aventura e T2 para Orienta-Raid). Serán os mesmos equipos quenes porten este material unha vez saíades do Kaiak ata a Transición posterior (T2 para Elite e Aventura e T3 para Orienta-Raid).

Unha vez rematedes o Sector de Kaiak cada equipo deberá sacar a súa embarcación do Río e subila ata a explanada situada xusto o lado donde a empresa procederá a súa recollida.

Para o Sábado 27, o día de celebración do Raid, a **marea** estará **baixa** de todo ás **12:00** horas. Tede isto en conta á hora de organizar a vosa estratexia no sector do Río xa que este vai a ser Score.

En categoría Élite o terceiro compoñente do equipo que non rema debe picar todas as balizas do sector xunto cos seus compañeiros **a excepción de dúas** de elas, as balizas **17 e 19**. Este **terceiro compoñente** debe **avanzar polos seus propios medios** ata o resto de balizas do sector utilizando o segundo xogo de mapas e respectando as estradas prohibidas así como os pasos obrigatorios. Permítese que os compoñentes do equipo intercambien os seus roles de carreira en calquer punto e momento de este sector.

PROBA ESPECIAL

A **única Proba Especial** existente no Budiño RAID 2018 consistirá en un **mini Rogaine** que se vai desenrolar en unha zona acotada do percorrido, no medio do Sector 1 para as Categorías Élite e Aventura, e como o propio Sector 1 para a Categoría de Orienta-Raid.

Esta Proba Especial vai a ter un **valor de 3 Puntos** no total do Raid.

Para acadar estes 3 puntos da baliza da proba especial os equipos **Élite e Aventura** van a ter que conseguir **15 “minipuntos”** e os equipos **Orienta-Raid** **10 “minipuntos”** no citado Rogaine.

O Rogaine vai a ter **18 balizas** por un **valor total de 30 “minipuntos”**.

Vai haber:

_ **15 balizas de Orientación de Memoria** con un valor de **1 “minipunto”** cada unha de elas.

_ **1 baliza de Jumar** con un valor de **8 “minipuntos”**. (vai haber 2 vías montadas)

_ **1 baliza de Escalada** con un valor de **5 “minipuntos”**. (vai haber 1 vía montada)

_1 baliza de Rappel con un valor de 2 “minipuntos”. (vai haber 2 vías montadas)

Para acadar os 15 (ou 10) “minipuntos” necesarios os equipos poden utilizar a **combinación de balizas que desexen**.

Durante o Rogaine o equipo deberá permanecer compacto, **tendo que avanzar sempre todos os compoñentes do equipo xuntos**, excepto na propia vía de Rappel, Escalada ou Jumar, onde realizará a proba un único compoñente do equipo. **Os restantes compañeiros que non estén na vía permanecerán o pé de esta** a espera que o compañeiro que Jumarea ou Escala descenda para poder picar despois a baliza os 3 xuntos. Na proba de **Rappel** pola contra **deberán baixar polo seu propio pé** (rodeando polos camiños) ata o punto onde remata o Rappel para picar a baliza os 3 xuntos.

Para poder realizar as Probas Especiais que se veñen de describir, cada equipo ten portar e saber colocar e manexar o material obrigatorio de seguridade que se indica nos apartados posteriores. Se a persoa que está a controlar as probas especiais comproba en algún momento que non se cumpren estes requisitos, ou que a persoa que vai a realizar a proba non domina a técnica a utilizar, pode prohibir ó equipo a realización da proba en cuestión.

Na categoría **Orienta-Raid** non se poderán facer as probas de Escalada nin Jumar, estando **só abertas as vías de Rappel**. A organización facilitará o material obrigatorio para poder realizar estas probas os compoñentes de esta categoría. Estes **deberán en primeiro lugar acceder á parte baixa da vía** para ahí coller o material, equiparse, subir e rapelar. Os compoñentes do equipo que non realicen esta proba permanecerán a pé da vía esperando a que o seu compañeiro remate para poder picar os 3 a baliza.

Para este **Rogaine** os equipos contarán con **4 mapas grandes**, 3 situados na zona de comezo do Rogaine, e un en un punto intermedio do mesmo. **Para poder realizar a proba especial correctamente os corredores (equipo completo sempre)** poderán ir e volver a estas zonas onde están situados os mapas todas as veces que desexen.

Os equipos disporán en esta Proba Especial de unha **TARXETA TRADICIONAL DE PICADO MANUAL**, co cal o Sistema Sport Ident non funcionará nesta parte do raid. Esta tarxeta será entregada a cada equipo xunto co resto de documentación na bolsa de equipo que se entregará antes do comezo da carreira. Será responsabilidade de cada equipo lembrarse de portala durante o Sector 1 do raid. Esta tarxeta **será entregada polo equipo no punto de inicio e final do Rogaine unha vez picadas as balizas** para acadar os 15 e 10 minipuntos da Proba Especial.

04_ MATERIAL OBRIGATORIO E PROHIBIDO

Os equipos deberán traer, e portar no seu caso, o resto de material obrigatorio do raid, tanto o xeral da proba como o específico para a proba especial de Rappel, a excepción das categorías de Orienta-Raid este último.

No BUDIÑORAIID _ Baixo Miño 2018 os **equipos**, para a súa seguridade, **deberán ter, e portar no seu caso, o seguinte material Obligatorio:**

1_ Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira.

- **Compás** (brújula)
- **1 Teléfono Móbil** con batería, apagado e co PIN escrito no exterior
- **Botiquín de Emerxencia** con cando menos Esparadrapo (2,5m.), Venda (2,5m.), Compresas ou apósitos (5 ud), Antiséptico (50 ml.), Analxésicos (5 ud), Antiinflamatorios (5ud.)
- **GPS de Tracktherace** (facilitado pola organización)

2_ Material Obrigatorio por Corredor sempre en carreira.

- **Silbato**, e coñecer o código morse de S.O.S (... ---...)
- **Manta Térmica**
- **Mochila**
- **Recipiente para bebida** (1 l.)
- **Ración Enerxética** (200 gr.)
- **Chaleco Reflectante.**
- **Luz Frontal.**
- **Camiseta térmica de manga longa.**
- **Cortaventos/Chuvasqueiro de manga longa.**
- **Braga de colo**

**3_ Material Obrigatorio por Equipo segundo o sector ou proba especial a disputar.
(non necesario se non se vai a facer a proba especial)**

- **Kaiak** (uso obrigado do kaiak aportado pola organización)
- **Casco** (para rappel, **NON** serve o de BTT)
- **Arnés** (homologado para rappel e escalada)
- **Cinta Cosida 60 cm.**(homologada para rappel)
- **8** (homologado para rappel)
- **2 Mosquetóns de seguridade** (homologados para rappel)
- **Cordino para nudo Machard** (homologado para rappel)
- **2 Bloqueadores**
- **2 Pedais**
- **Kit de Ferramentas para BTT**

4_ Material Obrigatorio por Corredor segundo o sector ou proba especial a disputar.

- BTT
- Casco BTT
- Luz Vermella traseira para BTT
- Pás Kaiak (aportadas pola organización ou propias)
- Chaleco Kaiak (uso obrigado do aportado pola organización)

5_ Material Aconsellable.

- Guantes (para BTT, Rappel e Kaiak)
- Cortaventos (pasa a ser obligatorio)
- Chuvasqueiro (pasa a ser obligatorio)
- Camiseta Térmica (pasa a ser obligatorio)
- Braga de colo (pasa a ser obligatorio)
- Polainas (vexetacións silvícola nesta época)
- Manguitos (vexetacións silvícola nesta época)
- Porta - mapas estanco (Kaiak sobretudo)
- Porta - móbil estanco (Kaiak sobretudo)
- Porta - mapas BTT

6_ Material Prohibido.

- Calquera dispositivo GPS (a excepción do facilitado pola organización)

CONTROL DE MATERIAL

A organización realizará un ou varios control sorpresa para comprobar se os equipos / corredores portan consigo este material obrigatorio.

SANCIÓNS

En caso de que non fose así aplicarase unha sanción de 3 ptos por cada elemento obrigatorio que non se porte.

05_ ORGANIZACIÓN e CONTACTO.

Este evento está organizado polo **BudiñoRAID**, a sección de Orientación da Asociación Deportiva **A FORNA de Budiño**, unha das 2 operativas en este momento. Esta asociación deportiva ten a súa sede no **Centro Cultural A FORNA de Budiño**, no concello de O Porriño.

Esta sección foi creada no ano 2012, ano no que empezou a competir en diversas probas do calendario galego da **Federación Galega de Orientación**, tanto en carreiras de Orientación a Pé, como en BTT ou en Raids de Orientación.

Co fin de expoñer toda a información, así como escoitar e tratar de clarear calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- E-mail: budinhoraid@gmail.com
- Páxina en Facebook: https://www.facebook.com/BUDI%C3%91ORAIID_TerrasdoLouro-1626057347608405/?ref=bookmarks
- WEB da Asociación: <http://www.aforna.org>
- WEB da Fegado: <http://www.fegado.es>
- WEB de Tracktherace: <https://tracktherace.com>

6 _ PATROCINADORES e COLABORADORES.

Non sería posible levar a cabo a organización de este ambicioso proxecto sen a incondicional axuda das principais entidades colaboradoras que son as seguintes:

2018

CAMPIONATO GALEGO DE RAIDS DE ORIENTACIÓN

2018

5ª PROBA DA LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN

2018

4º BUDIÑORAIID

2018 BAIXO MIÑO









